

## O documento medieval máis antigo que dá conta deste feito é a *Concordia de Antealtares* (1077)

A peregrinación a templos que custodian corpos santos é unha manifestación fundamental da espiritualidade medieval. Ten as súas orixes na práctica desenvolvida en tempos aínda máis antigos, como proba, entre outros, o testemuño de Exeria, peregrina a Terra Santa no século IV.

Xunto coas cidades de Xerusalén e Roma, Santiago constituirá na Idade Media un dos destinos fundamentais destas viaxes piadosas.


Con todo, os comezos da peregrinaxe compostelá son relativamente serodios: entre os anos 820-830, o bispo Teodomiro de Iria Flavia, a instancias do eremita Paio, descobre o sepulcro do Apóstolo, do que dá noticia inmediata a Afonso II o Casto, rei de Asturias.

O documento medieval máis antigo que dá conta deste feito é a *Concordia de Antealtares* (1077), asinada por Diego Peláez e o abade Faxildo. O primitivo templo edificado por Afonso II deu paso a outro maior construído por Afonso III, nun proceso de fortalecemento do lugar de culto que evolucionou cara a un progresivo desenvolvemento urbano.


No ano 997 produciuse o famoso ataque de Almanzor, que culminou coa destrución da cidade.



Recreación da basílica construída por Afonso III no ano 896. Debuxo de Fernando Aznar (Xerais, 1990)



O bispo Teodomiro descobre os restos apostólicos. Miniatura do Tumbo A da catedral de Santiago



Tradución galega do relato de Exeria (Xerais, 1991)



Mapa mundi do Beato de Liébana (1086). A sede compostelá figura na parte inferior esquerda

Estatua de Afonso II o Casto, en Santiago de Compostela

# Orixes da peregrinación a Compostela